

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PEL CONCELLOS-2023

Proceso selectivo: 1 ALBANEL OFICIAL 1ª

No Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo, ás 10:40 h do día 05/07/2023, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 oficial 1ª albanel adscrito á subvención Plan de emprego local PEL-CONCELLOS 2022, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 642/2023 do 22/06/2023 coa seguinte composición:

Presidenta: Mª José Fungueiriño Tubío, AEDL do Concello de Rianxo (I)

Vocal: Gabriel Bermúdez Piñeiro, (Encargado municipal de obras)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa municipal (IV)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 23 de xuño de 2023 preséntase a oferta de emprego corresponde na oficina de emprego de Boiro; o día 26 de xuño de 2023 recíbese o resultado da dita oferta que inclúe a 10 aspirantes.

Nos días seguintes contáctase coas persoas incluídas na listaxe para que se acheguen ao Concello para comprobar se reúnen os requisitos establecidos nas bases de selección e que veñen determinados polas esixencias da Deputación da Coruña, entidade subvencionadora, ao respecto dos colectivos aos que vai dirixido o programa; entregase a cada aspirante unha copia das bases de selección. O resultado é que so se presentan 9 persoas aspirantes das 10 que poden participar no proceso.

Segundo: convócase ás persoas aspirantes para a proba escrita que se vai realizar o mércores 5 de xullo de 2023 ás 10:30 horas no Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Ás 10:40 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta.

Ás 10:45 horas iníciase a proba escrita e remata ás 11:45 h, unha vez que rematan todas as persoas aspirantes.

O Tribunal realiza a corrección dos exames e obtéñense os seguintes resultados:

APELIDOS E NOME	Correctas	Incorrectas	Branco	Puntuación
Bello Pérez Alejandro	19	11	0	10,83
Casanova Del Álamo Pablo Rufino	16	14	0	8,33
Losada Romero Antonio	13	17	0	5,83
Neira Vidal Emilio	25	3	12	16,17
Quintela Formoso José Antonio	NON PRESENTADO			
Repiso Fernández Gabriel	NON É OFICIAL			
Rey Campaña José	2	27	1	0,00
Rodríguez Franco Ramón	5	24	1	0,00
Santiago Franco José	26	4	0	16,67
Varela Burés José Luis	24	3	3	15,50

Polo tanto, a fase de oposición queda como segue:

APELIDOS E NOME	Puntuación	SUPERA A PROBA
Bello Pérez, Alejandro	10,83	SI
Casanova Del Álamo, Pablo Rufino	8,33	NON
Losada Romero, Antonio	5,83	NON
Neira Vidal, Emilio	16,17	SI
Rey Campaña, José	0,00	NON
Rodríguez Franco, Ramón	0,00	NON
Santiago Franco, José	16,67	SI
Varela Burés, José Luis	15,50	SI

Superan a proba 4 dos 9 aspirantes presentados; quedan excluídos do proceso os aspirantes que non a superaron ao non acadar a puntuación mínima da proba escrita (10 puntos).

Ao remate da valoración infórmaselles directamente dos resultados obtidos e convócanse ás persoas que superaron a proba escrita para a realización da proba de galego o día 06/07/2023, ás 09:00 h, no Auditorio Municipal de Rianxo:

APELIDOS E NOME	PROBA GALEGO
Bello Pérez, Alejandro	EXENTO
Neira Vidal, Emilio	PENDENTE
Santiago Franco, José	PENDENTE
Varela Burés, José Luis	PENDENTE

O tribunal decide volver a reunirse o venres 06/07/2023 ás 09:00 horas para realizar as probas de galego ás persoas aspirantes non exentas e facer as valoracións da documentación xustificativa dos méritos alegados polas persoas aspirantes que superen todas as probas e teñan presentada a documentación con anterioridade no Rexistro Xeral do Concello.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 12:15 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do Tribunal.